

ACTA FUNDACIONAL

INTRODUCCIÓN:

O grupo de traballo de Insuficiencia Cardíaca da SOGAMI, é un grupo de traballo aberto a tódolos internista interesados en colaborar, con interese común na Insuficiencia Cardíaca (ICC), coa finalidade de potenciar as actividades asistenciais e científicas dirixidas á atención integral dos pacientes con Insuficiencia Cardíaca seguidos por Medicina Interna nos Hospitais de Galicia.

ORGANIGAMA:

Coordinador: a elixir entre os candidatos que se presenten, será elixido por votación a man alzada entre os membros do grupo presentes na reunión na que se elixa. O período de mando será de 2 anos, con posibilidade de reelección cada 2 anos, polo mesmo sistema que se elixiu.

Secretario: será designado polo coordinador do grupo e o seu mandato estará limitado ó do coordinador.

Integrantes: médicos internistas pertencentes á SOGAMI con interese na Insuficiencia Cardíaca.

OBXECTIVOS:

Proxecto propio: establecer un proxecto común, tanto asistencial, como científico, como formativo, que inclúa ós Internistas dedicados á ICC. A reunión da SOGAMI sería un foro básico, onde se presentaría este proxecto e os seus futuros resultados.

Rexistro de doentes: en todo grupo de traballo cómpre ter un rexistro común. Debemos evitar rexistros propios, xa que dificultan a homoxeneidade dos resultados, clave para estudos comparativos posteriores. A proposta é utilizar o rexistro nacional de ICC, RICA, este é un rexistro activo, de consenso, activo e sobre todo de recoñecemento internacional, produto do esforzo do esforzo do Grupo de Traballo de Insuficiencia Cardíaca e Fibrilación Auricular da SEMI. Este rexistro permitiría dispor dos datos rexistrado por cada investigador cando os precise.

Colaboración formativa: por medio da SOGAMI, pódense programar actividades formativas, tipo talleres, cursos, ponencias ou colaboracións nas reunións da SOGAMI.

Reunións periódicas: realizaranse reunións periódicas propias do grupo para manter a unidade e informando dos avances realizados. Unha reunión anual básica será no seno da SOGAMI, e outras serían excepcionais, adaptadas á necesidade, utilizando os menores recursos posibles.

Relación co grupo de traballo de Insuficiencia Cardíaca e Fibrilación Auricular da SEMI: ademais de utilizar o seu rexistro, a colaboración co mesmo é importante, xa que co apoio deste grupo de traballo podemos participar nas súas actividades e reunións científicas. Por outra banda, aportaríannos a experiencia adquirida en todos os seus anos de funcionamento.

Promoción: a través da plataforma web da SOGAMI e das súas redes sociais.